

IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO & LYCÉE FÉNELON.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Intercambio escolar 2023-2024.

NIVEIS AOS QUE SE OFERTA A ACTIVIDADE, SOLICITUDES E PRAZAS:

Por orde de prioridade: 4º ESO, 1º BTO e 3º ESO:

- 1º Alumnado de todos os niveis (4º ESO e 1º BTO) de 1ª lingua francés.
- 2º Alumnado de 2ª lingua francés de 4º ESO e de 1º BTO. por ser os que mellor corresponden por curso e idade co alumnado do grupo francés que acollemos en Galicia.
- 3º Alumnado de 1ª lingua francés de 3º de ESO con mellor nota na materia de francés e coa nota media máis alta en 2º ESO, de ser o caso.
- 3º Alumnado de 2ª lingua francés de 3º de ESO con mellor nota na materia de francés e coa nota media máis alta en 2º ESO, de ser o caso.

Nº de familias de acollida ata a data en Clermont-Ferrand: 35 familias máximo.

DATAS DA NOSA VIAXE E ESTADÍAS:

Datas das viaxes e duración da nosa estadía en Auvernia e da estadía do grupo francés en Galicia:

1ª fase: A nosa viaxe :

- Do 13 ao 22 de marzo (antes das vacacións de semana santa)
- Estadía en Auvergne e París: 8 días: Saída o mércores 13 de marzo e noite en Burdeos. Chegada a Clermont o xoves 14. Estancia en Clermont ata o martes 19 de marzo. Traslado a París e chegada ao mediodía. Estancia en París 2 días. Saída de París o xoves 21 e chegada a Vigo o venres 22 de marzo.

2ª fase: A acollida do grupo francés en Vigo :

- Do venres 5 de abril ao venres 12 de abril 2024.
- Estadía en Galicia: 7 días

CUSTO POR ALUMNO/A:

Custo previsto por alumno/a a cargo das familias 600 € . Inclúen seguro específico para a actividade, entradas e visitas guiadas, transporte en autocar, aloxamento en hotel para a noite de Burdeos e o albergue en París e parte dos gastos de manutención e aloxamento do profesorado así coma outros gastos que se derivan da organización da actividade e da acollida do grupo francés en Galicia (excursión a Santiago...).

ONDE, CÓMO E CANDO EFECTUAR OS PAGAMENTOS:

ABANCA: ES66 2080 5065 2630 4005 4159

Deben facer copia do recibo de ingreso e remitírnolo polo seu fillo ou pola súa filla.

IMPORTANTE: DEBEN PÓR EN **CONCEPTO:**

" FRANCIA + NOME DO SEU FILLO OU FILLA" (non o dos pais ou o da persoa que fai o ingreso)

1ª entrega:	reserva de praza : antes do 23 de outubro.	200 €*
2ª entrega:	antes do 31 de decembro.	200 €
3ª entrega:	antes do 17 de febreiro.	200 €

IMPORTANTE: DEBEN CUMPRIMENTAR CO SEU FILLO/A FICHA DE DATOS PARA REMITIR AO PROFESORADO FRANCÉS. O OBXECTIVO DA MESMA É FACILITAR E REALZIAR CANTO ANTES O EMPARELLAMENTO DE ALUMNOS.

INFORMACIÓN SOBRE A VIAXE E AS ACTIVIDADES QUE SE REALIZARÁN:

Como é o centro francés, a cidade de Clermont e a rexión de Auvernia?

O LYCÉE PRIVÉ FÉNELON está situado en CLERMONT-FERRAND (cidade media, máis pequena ca Vigo, a 425 Km de París, na que se atopa a casa central de “Michelin”, apelido da familia auvernesa que creou esta marca), capital da rexión de AUVERNIA, situada no Macizo Central.

Esta rexión é moi interesante tanto pola beleza e importancia xeolóxica da súa paisaxe (é famoso o seu Parque Rexional de Volcáns – na actualidade, todos en extinción-) coma pola importancia histórico-artística dos seus castelos, das súas igrexas románicas e dalgunhas das súas vilas, coma o Puy-en-Velay, punto de encontro moi importante en Europa para tódolos peregrinos que viñan a Compostela.

O **centro francés** está moi ben considerado na cidade de Clermont, sendo un dos mellores nos resultados académicos que o seu alumnado acada no exame de selectividade francés e en estudos universitarios posteriores. Ademais, o alumnado francés que participa no intercambio, está cursando a “sección europea”, unha modalidade de itinerario do curso equivalente a 4º de ESO, na que se imparte algunha das materias en lingua estranxeira, neste caso en español, de aí que teñan moi bo nivel de español (teñen de 5 a 6 horas semanais de español).

Cales son os itinerarios das viaxes de ida e de volta?


E qué visitas se realizan en ruta?

Ida:

Vigo-Burgos-Irún-Burdeos (hotel). 13 de marzo
Burdeos – Clermont-Ferrand. 14 de marzo
Clermont-Ferrand - París. 19 de marzo

Volta:

París-Vigo. 21-22 de marzo.



Qué actividades se realizan nas estadias en Francia e en Galicia?

Durante a nosa estadia en Clermont. O noso alumnado alóxase nas familias do alumnado francés que logo acollerá en Vigo. O centro francés organiza un programa de actividades para o noso grupo (asistencia a clases no instituto co alumnado francés e excursións para descubrir a rexión de Auvernia mentres o alumnado francés ten clase). As familias francesas ocuparanse dos nos@s alumn@s, unha vez voltemos das excursións que nos programe o centro francés e durante a fin de semana que pasaremos en Clermont. É dicir, o alumnado pasa gran parte da xornada en grupo, cos profesores que os acompañamos, visitando lugares de interese da rexión, realizando a ficha de actividades que corresponda a cada saída.

Visitas previstas en Auvernia:

- A vila de Clermont-Ferrand
- Subida ao máis emblemático dos volcáns en extinción Le Puy-de-Dôme para vista panorámica da cadea de volcáns (máis de 80): “La chaîne des puy”. Esta visita dependerá da climatoloxía.
- Festival de curtametraxes – “La jetée”.

Visitas previstas en París: Todas as que poidamos. Louvre, Tour Eiffel, Montmartre, Barrio Latino, etc....

Durante a estadia do grupo francés en Vigo. O alumnado francés alóxase nas familias dos nosos alumnos/as. O noso centro organiza un programa de actividades para o grupo francés (asistencia a clases no noso instituto co alumnado español e excursións para descubrir a nosa rexión mentres o noso alumnado acude a clase con normalidade). As familias teñen que ocuparse d@ alumn@ á volta das excursións (teñen que lle preparar bocadillos para o xantar eses días) e durante a fin de semana que pasen aquí.